

VIERNES, 1 de octubre de 2010

REPORTAJE: LUCES

"Deixo de escribir versos para non repetirme"

María do Carme Kruckenberg publica 'A voz da auga', o seu derradeiro poemario

TERESA CUIÑAS | 1 OCT 2010

Archivado en: Comunidades autónomas Poesía Administración autonómica Galicia Literatura España Administración pública Cultura

"Nunca tanto se falou dun libro meu, deben de pensar que vou morrer", lanza, con sorna, a escritora abrindo a porta da súa casa, en Vigo. "Ao contrario, estou moi viva por dentro", aclara. "Conservo a cabeza totalmente no seu sitio, o único problema que teño é que apenas me podo mover". As dores e a rixidez acompañan a María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) desde, hai xa anos, un accidente doméstico lle causara rotura de vértebras. Con elegancia, leva as gafas de deseño ao seu sitio antes de posar para a foto. "Xa estou afeita, estes días parezo unha vedette, é algo horrible".

Tanta expectación débese a un libro novo no que se insire o anuncio da retirada da autora da escrita poética. O posfacio de *A voz da auga* (Edicións Barbantesa, 2010) expón o carácter definitivo desta obra na que, segundo o texto editorial, "a madurez da verba lírica de María do Carme Kruckenberg alcanza o seu punto álxido". A historia da literatura adoita adscribir á creadora de *Cantigas do vento* (1956) ás promocións literarias da posguerra, entre aquelas cáseque francotiradoras que principiaron a renovación da literatura galega construíndo piares con versos. Despois de décadas de poemas, primeiro en galego e castelán e despois invariabelmente en galego, asegura que foxe das imitacións: "Son moi perfeccionista e tiro con moitos poemas, pero logo de publicar nunca releo os meus libros; despois de máis dunha vintena de poemarios, deixo de escribir poesía porque temo repetirme".

"Procuo estar ao tanto do que fan as novas: non me gusta o detalle no erótico"

Sabe que a renuncia vaille causar outros sufrimentos. "Os poemas nacen e se constrúen dentro de min e podo estar compoñendo durante moito tempo antes de escribir un só verso; mais cando sento a escribir fágoo cunha sorte de febre que me posúe", explica con dozura. *A voz da auga*, poemario de simbolismo líquido artellado seguindo o ciclo das catro estacións, tivo unha xestación prolongada no tempo. Hai 13 anos que Kruckenberg agasallou aos seus (a escrita para os íntimos é un xesto característico da autora) coas entregas da primavera e do verán, mentres que os ciclos do outono e do inverno empezaron a materializarse sobre o papel o 31 de decembro de 2009 e foron concluídos en catro meses. Á autora prácelle este caderno de 84 composicións, tantas como os seus anos, dedicadas á introspección persoal e formuladas co coidado habitual pola lingua da escritora que, nesta ocasión, exprésase mediante termos dunha beleza sinxela pulida polo uso. "Non é o meu mellor libro, pero do que máis satisfeita estou é da lingua, porque é áxil e fresca, é un libro que soa novo, non coma os de outras, que non nomearei e que empregan palabras do século XIX", conclúe.

Acontece que a poesía non a deixa a ela. Hai outro cartafol de versos agardando quenda para saír do prelo en Galaxia. "É un libro moito máis forte, con poemas moi duros que falan

da Guerra Civil", avanza. Cando chegue o momento, *O enigma do segredo*, será tecnicamente o derradeiro poemario de Kruckenberg por data de publicación, aínda que de feitura anterior a *A voz da auga*. A escritora insiste en explicar a cronoloxía, quere que se comprenda ben esta reviravolta, "para que non pensen que lle estou tomando o pelo a todo o mundo". Arestora a determinación é firme, pero lembra que hai dous anos xa anunciara unha decisión semellante, e felizmente incumprida para os seus lectores, tralo lanzamento d'*Os límites do arreguizo* (Espiral Maior, 2008), volume que xunto con *Poemas inevitables* (1960), ocupa un lugar de preferencia no anaquel particular da autora. E máis citas. Mesmo esta tarde, participa en Compostela na presentación dunha antoloxía en irlandés e inglés de poetas contemporáneas galegas. Nas páxinas de *To the winds our sails* (Salmon Poetry, 2010), un volume ao coidado da poeta irlandesa Mary O'Donnell e da investigadora galega Manuela Palacios, Kruckenberg ten como veciñas a coetáneas como Luz Pozo e Xohana Torres cabo de colegas doutras xeracións como Marilar Aleixandre, Chus Pato, Ana Romaní ou María do Cebreiro. "Moitas poetas da miña idade non saben o que fan as novas, non lles interesan; eu procuro estar ao tanto. Hai cousas que me gustan moito e outras nada, como o abuso do detalle na descrición erótica ou sexual. A poesía ten que ter misterio, ten que ter sempre espiritualidade".

Outra aclaración: o silencio poético non é un mutis. Kruckenberg está chea de proxectos. Nada menos que tres libros ten en preparación: unha compilación de doce contos, escrito en orixe para os netos das súas amizades, os recordos máis persoais das súas numerosas viaxes por medio mundo e as súas memorias. Son relatos nos que comparecen os pais, artífices dun fogar libre pensante que moldeou a esta muller culta e progresista quen frecuentemente foi branco das críticas dos seus contemporáneos, o coñecemento doutras culturas, que conformaron a identidade cosmopolita de Kruckenberg, e as súas relacións persoais: o casamento e o divorcio temperáns, os amigos como Rafael Alberti e Juana de Ibarbouro, as conversas con Castelao durante a súa residencia en Bos Aires, a quen uniron vencellos familiares. "Díxome que escribise sempre en galego". A biografía de Kruckenberg, cuxa saída se prevé para este inverno en Galaxia, está escrita pola profesora Mercedes Queixas e promete espir esta muller que se sigue rebelando porque "agora hai máis prohibicións ca nunca" e que continúa proclamando a súa independencia: "Eu non me deixo vivir, senón que vivo o que quero".